

Resumo das campañas de concienciación Tropa Verde





Contido

RESUMO	4
Campañas de educación ambiental	5
1. Introducción.....	5
1.2. Campañas nos centros educativos “Reciclar na escola tene premio”	6
1.2.1. Introducción.....	6
1.2.2. Datos finais das campañas	8
1.2.3. Acto fin de Campaña	9
1.3. Campaña de educación ambiental “Reciclar en ASAC ten premio”	11
1.4. Talleres “Recicla, Reutiliza e xoga coa Tropa Verde”	12
1.5. Dossier de medios	15
1.6. Tropa Verde.....	16
1.5.1. Estadísticas del proyecto piloto de la Tropa Verde.....	16



RESUMO

"Reciclar ten premio" son diferentes campañas do Concello de Santiago de Compostela xunto coa empresa Teimas Desenvolvemento S.L. para a concienciación ambiental sobre a reciclaxe nos centros educativos e asociacións da cidade de Santiago de Compostela.

A finalidade é incentivar a responsabilidade ambiental nos nenos e nenas da cidade de Santiago de Compostela, así como nas súas familias, mediante concursos con diferentes recompensas, contribuíndo así á redución dos residuos e optimizando a xestión destes.

Realizáronse tres campañas diferentes: dous delas dentro dos centros educativos da cidade e a outra dentro do Programa de Enriquecemento "Ronsel do Campus" de Altas Capacidades desenvolvido en Asac Galicia.

As campañas consistiron na recollida de aceite de cociña usado, de aparellos eléctricos e electrónicos e de tapóns para a súa posterior reciclaxe e prever así graves problemas de contaminación da auga, do chan e emisión de substancias tóxicas.

Entre as dúas campañas participaron un total de 20 centros educativos diferentes e unha asociación, que representan 2.416 nenos e nenas.

Recolléronse un total de 2.356 litros de aceite de cociña usado e 3.299 aparellos eléctricos e electrónicos que fan un total de 750 quilogramos.

Co nome de "Recicla, Reutiliza e xoga coa Tropa Verde" e dentro da mesma colaboración, realizáronse unha serie de talleres con motivo da Semana Europea da Prevención de Residuos nos centros socioculturais. A principal característica foi a participación e a experiencia directa para facer adornos de nadal reciclando diferentes materiais (envases).



Campañas de educación ambiental

1. Introducción

As campañas de educación ambiental levadas a cabo pola Tropa Verde no ano 2016 son diferentes campañas do Concello de Santiago de Compostela xunto coa empresa Teimas Desenvolvemento S.L. para a concienciación ambiental sobre a reciclaxe nos centros educativos e asociacións da cidade de Santiago de Compostela.

A finalidade é incentivar a responsabilidade ambiental nos nenos e nenas da cidade de Santiago de Compostela, así como nas súas familias, mediante concursos con diferentes recompensas, contribuíndo así á redución dos residuos e optimizando a xestión destes.

En definitiva, a Tropa Verde quere facer fincapé na idea de que o coidado da natureza e os seus recursos é cousa e causa de todos. E o modo en que pretendemos lograr este obxectivo é facéndolles vivir en primeira persoa as problemáticas relacionadas co tema, a través dunha metodoloxía lúdica e unha aprendizaxe baseada no diálogo. Por iso consideramos de gran importancia as charlas e visitas os centros educativos.

Ata agora realizáronse catro campañas diferentes: dous delas dentro dos centros educativos da cidade, outra dentro do Programa de Enriquecemento "Ronsel do Campus" de Altas Capacidades desenvolvido en Asac Galicia vía convenio coa Universidade de Santiago de Compostela e a derradeira nos centros socioculturais da cidade.

- **Recollida de aceite de cociña usado:** desde o 18 de abril ata o 18 de maio.
- **Recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs):** desde o 19 de maio ata o 15 de xuño
- **“Reciclar en ASAC ten premio”** recollida de tapóns desde o 7 ata o 28 de Maio.
- **“Recicla, Reutiliza e xoga coa Tropa Verde”** en cinco centros socioculturais da cidade na semana entre o 21 e o 26 de novembro.

Tropa Verde repartiu nas campañas material informativo sobre a problemática dos residuos específicos e ilustrativo con infografías, carteis e flyers, incluídos nun cartafol de benvida coas bases dos concursos. Así coma todo o material necesario para o bo desenrolo dos talleres.



Nas campañas superáronse as expectativas tanto de participación como de residuos recolleitos para a súa reciclaxe e destaca a falta de incidentes tanto nos centros educativos, universidade e como nas recollidas.

1.2. Campañas nos centros educativos “Reciclar na escola tene premio”

Entre as dúas campañas participaron un total de **20 centros educativos diferentes**, que **representan 103 clases e 2.342 alumnos e alumnas**.



1.2.1. Introducción

A quen se dirixiu?

Estas campañas de sensibilización dirixíronse a estudantes de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria e 1º e 2º DE ESO dos colexios e institutos de Santiago de Compostela.

Cal foi a finalidade das campañas?

O obxectivo do proxecto foi mellorar os índices de reciclaxe, rebaixando os custos de xestión de residuos. Comezando polos estudantes, incentivándoos a reciclar mediante recompensas directas por cada boa acción ambiental.

O proxecto implicou a recollida de aceite de cociña usado e de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs) para a súa posterior reciclaxe e prever así graves problemas de contaminación da auga, do chan e emisión de substancias tóxicas.



En que consistiron?

As campañas consistiron na recollida de aceite de cociña usado e RAEEs onde cada equipo estaba formado polos nenos e nenas dunha mesma clase. A competencia levou a cabo entre todas as clases dos colexios participantes.

Na campaña dos RAEEs debido á gran variedade de residuos, realizouse un sistema de puntos da seguinte maneira:

- **Pequenos aparellos eléctricos e electrónicos** (batidoras, ferros, cepillos de dentes eléctricos, MP3): 1 PUNTO
- **Móviles:** 2 PUNTOS
- **Móbil + cargador:** 3 PUNTOS

O galardón recaeu naquela clase que reuniu máis puntos por alumno da clase.

Na campaña de aceite de cociña usado o galardón recaeu na aula que máis botellas de 1,5 litros reuniron por cada alumno de clase.

Que tiveron que facer os alumnos e alumnas?

Para participar, os alumnos e alumnas seguiron o seguintes tres pasos:

1. Recoller o máximo número de residuos: nas primeira botellas de 1,5 L de aceite e na segunda o maior número de aparellos eléctricos e electrónicos.
2. Introducilos nunha bolsa.
3. Levalo á escola para ser contabilizado.



Desde Tropa Verde visitamos todos os centros repartindo os carteis, flyers da campaña e cartafoles de benvida, e demos charlas profundando en que é a Tropa Verde, a problemática da xestión dos residuos concretos e como participar no concurso.

Para a campaña dos RAEEs tamén se repartiron infografías de que aparellos podíanse recoller e cales non (os de gran tamaño).



1.2.2. Datos finais das campañas

Os datos finais das campañas son os seguintes:

- Recolléronse 1.571 botellas de aceite de cociña usado que fan un total de 2.356 litros.
- Recolléronse 1.028 móbiles. E un total de 3.299 aparellos eléctricos e electrónicos que fan un total de 750 quilogramos.

Varias empresas colaboraron coa Tropa Verde para a posta de contedores e recollidas dos residuos:

- PMA Nutrigras e Compostela Insere, recollidas de aceite de cociña usado.
- XESTION GALEGA AMBIENTAL LOXÍSTICA SL (XESGAL), recollida de RAEEs.

O ránking definitivo para esta campaña está publicado en <https://www.tropaverde.gal/campaigns/3> onde podemos observar o enorme compromiso de moitas clases.



Na táboa de exemplo presentada a continuación aparecen os totais do número de móbiles con cargador, móbiles e pequenos RAEEs recolleitos, así como o total de RAEE, os puntos e o cociente (Nº puntos/Nº de alumnos) dos centros educativos de Santiago de Compostela. A táboa dispónse en orde decreciente de cociente.

Clase / Nome	Nº alumnos	Móbil + Cargador	Móbiles	Pequenos RAEE	PUNTUACIÓN	RATIO (Puntos/número de alumnos)
1ª 6º (CEIP Mestre Rodríguez Xixirel)	9	180	22	74	658	73,111
2ª 4º B (CEIP de Roxos)	20	85	81	103	520	26,000
3ª 4º (CEIP Mestre Rodríguez Xixirel)	10	42	2	71	201	20,100
4ª 5ª (CEIP Mestre Rodríguez Xixirel)	13	39	10	27	164	12,615
5ª 4º (CEIP Rainha Fabiola)	24	5	33	186	267	11,125
6ª 5ª A (CEIP Lamas de Abade)	25	51	47	22	269	10,760
7ª Clase 1 (CPR Seminario Menor Diocesano A Asunción)	12	18	1	60	116	9,667
8ª 4º (CPR Plurilingüe San Pelayo)	24	5	26	157	224	9,333
9ª 6ª A (CEIP de Roxos)	11	9	9	39	84	7,636
10ª 4º (CPR La Milagrosa)	26	21	13	80	169	6,500

1.2.3. Acto fin de Campaña

A entrega dos premios, recoñecementos e agasallos realizouse no salón de actos do CERSIA, onde se repartiron os 6 premios, 3 premios para a campaña de aceite e outros 3 para a dos RAEEs.

Os premios para repartir entre as diferentes categorías foron:

- 180 Camisetas da Tropa Verde SCQ
- 150 Medallas e 6 Trofeos
- Diplomas
- 110 Xogos científicos (casa solar e enerxía eólica) repartidos entre os gañadores.

Unha vez finalizadas as intervencións institucionais, a empresa Teimas Desenvolvemento fixo entrega a cada un dos alumnos e alumnas dunha medalla e dunha camiseta da Tropa Verde.



Para as campañas repartíronse medallas, premios e camisetas para todos os nenos e nenas das clases gañadoras e trofeos para cada clase gañadora.



Así como un diploma para cada centro participante::



Os premios consistiron nunha casa solar e un xogo de enerxía eólica.



Tanto a campaña como o acto de entrega desenvolvéronse sen incidencias e nun ambiente lúdico e de colaboración entre todos os entes implicados.




1.3. Campaña de educación ambiental “Reciclar en ASAC ten premio”

Para conmemorar o 17 de Maio, día mundial da reciclaxe realizouse unha campaña puntualde recollida de tapóns no Programa de Enriquecemento "Ronsel do Campus" de Altas Capacidades desenvolvido en Asac Galicia vía convenio coa Universidade de Santiago de Compostela.

A campaña consistiu na recollida de tapóns de plástico de botellas. Cada equipo estaba formado polos nenos e nenas dun mesmo taller. A competencia levou a cabo entre todos os talleres impartidos na asociación, facendo un total de 74 participantes.

O galardón recaeu naquel taller que conseguiu reunir máis tapóns de plástico desde o 7 de Maio ata o 28 de Maio do 2016.



O premio eran camisetas da Tropa verde e os nenos recolleron 10 bolsas de lixo de tamaño grande cheas de tapóns, un dos obxectivos fundamentais era recoller estes tapóns para a asociación “A túa axuda = A miña ilusión” e entre todos axudar a Mateo.



1.4. Talleres “Recicla, Reutiliza e xoga coa Tropa Verde”

Talleres de concienciación ambiental con motivo da Semana Europea da Prevención de Residuos nos centros socioculturais. O taller que se impartiu recibiu o nome de **Recicla, Reutiliza e xoga coa Tropa Verde**.

A Semana Europea da Prevención de Residuos é unha iniciativa cuxo obxectivo é promover e implantar durante unha semana accións de sensibilización sobre recursos sustentables e xestión de residuos.

A quen foi dirixido?

Esta campaña de sensibilización foi dirixida a nenos e nenas de entre 6 e 10 anos, cun límite de 15 plazas.

Cal foi a finalidade da campaña?

A finalidade foi incentivar a responsabilidade ambiental nos rapaces e rapazas da cidade de Santiago de Compostela, así como nas súas familias, contribuíndo así á redución dos residuos e optimizando a xestión destes.



reutiliza e xoga coa
tropea verde

Obradoiro de reutilización.

Nos centros socioculturais de Santiago de Compostela

CONCELLO DE SANTIAGO

Aquí Participamos



A Semana Europea da Prevención de Residuos desenvólvese entre o 19 e o 27 de novembro. A iniciativa nace co obxectivo de promover e implantar durante unha semana accións de sensibilización sobre consumo sostible de recursos e xestión de residuos.



En que consistiu?

As actividades que se realizaron tiveron como principal característica a participación e a experiencia directa para facer adornos de nadal reciclando diferentes materiais (envases). E todo iso acompañado de explicación sobre as 3R.



"Na Tropa Verde encargámonos de todo"

Para levar a cabo esta tarefa repartíuse os carteis da campaña e persoal encargado de facer estes talleres e da difusión en medios propios e externos.

En total se fixeron 5 talleres en 5 centros socioculturais diferentes:

- Centro Sociocultural Pontepedriñas luns, 21 de novembro do 2016 ás 18:00
- Centro Sociocultural Cardeal Quiroga martes 22 de novembro de 2016 ás 18:00
- Centro Sociocultural Fontiñas, mércores, 23 de novembro do 2016 ás 18:30.
- Centro Sociocultural O Ensanche xoves, 24 de novembro do 2016 ás 18:30
- Centro Sociocultural Santa Marta, sábado 26 de Noviembre de 2016

En total participaron 50 nenos e nenas.



1.5. Dossier de medios

Ligazóns a algunhas noticias publicadas sobre Tropa Verde:

25/02/2016	El Correo Gallego	Los colegios de secundaria de Santiago recibirán la visita de la Tropa Verde
25/02/2016	La Voz de Galicia	Más de 1.500 personas se apuntaron al programa de la Tropa Verde
24/02/2016	Web Concello de Santiago	A Tropa Verde chegará este ano aos colexios de secundaria de Compostela
24/02/2016	Radio Obradoiro	Radio Obradoiro
28/02/2016	Código Cero	A Tropa Verde sensibilizará á mocidade compostelá da importancia de reciclar material tecnolóxico
3/03/2016	Santiago TV	Santiago TV
11/04/2016	Gestoresderesiduos.org	Los colegios e institutos de Santiago también son Tropa Verde
11/04/2016	Revista Virtual PRO	Los colegios e institutos de Santiago también son Tropa Verde
30/05/2016	Gestoresderesiduos.org	Tropa Verde da por vencida la primera campaña de "Reciclar en la escuela tiene premio"
20/06/2016	Web Concello de Santiago	Os CEIPs de Roxos e Mestre Rodríguez Xixirei gañan a primeira campaña "Reciclar na escola ten premio"
20/06/2016	Nos Televisión	O Edificio CERSIA acolleu a entrega dos premios "Reciclar na escola ten premio"
22/06/2016	Gestoresderesiduos	Santiago de Compostela y Tropa Verde premian el reciclaje en las escuelas
27/06/2016	Tropa Verde	Tropa Verde e o Concello de Santiago premian a reciclaxe nas aulas
23/06/2016	ECOTICIAS	Galicia. Santiago de Compostela y Tropa Verde premian el reciclaje en las escuelas
30/06/2016	Canal Tropa Verde Youtube	Campañas "Reciclar na escola ten premio"



Acto de entrega de los premios “Reciclar en la escuela tiene premio” en el salón de actos del CERSIA:

- [A Tropa Verde chegará este ano os colexios de secundaria de Compostela](#)
- [Os CEIPs de Roxos e Mestre Rodríguez Xixirei gañan a primeira campaña "Reciclar na escola ten premio"](#)
- [Reportaxe en Nós Televisión:](#)



1.6. Tropa Verde

1.5.1. Estadísticas do proxecto piloto da Tropa Verde

A continuación móstranse os logros conseguidos pola Tropa Verde desde o seu nacemento o 17 de Maio de 2015

